

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

### Feitos

Con data do 4 de marzo de 2024, o presidente da comisión de selección da praza 23/27001 de profesor/a substituto/a (convocada por Resolución reitoral do 15 de decembro de 2023), Félix Córdoba Rodríguez, comunica que os tres vogais titulares e un vogal suplente incorren con algún candidato en conflitos de interese dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos.

Despois de intentar constituírse a comisión de selección cos membros que non incurrían en conflitos de interese, en dúas datas distintas, de acordo co establecido no apartado 7.1 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), esta constitución non foi posible porque un dos vogais convocados comunica a imposibilidade de asistir por causa xustificada.

Por todo o anterior, o Departamento de Letras remitiu unha nova proposta de vogais con data 18 de marzo de 2024.

A COAP na súa reunión de 18 de marzo de 2024 aprobou a nova composición da comisión de selección á vista da anterior proposta eliminando un dos vogais da mesma, de outra área de coñecemento.

### Consideracións legais e técnicas

O apartado 6 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establece a composición das comisións de selección e as súas substitucións.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución dos vogais titulares e suplentes da comisión de selección.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a publicación da nova composición da comisión de selección da praza 23/27001 que quedará como segue:

### Comisión Titular

Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Córdoba Rodríguez, Félix	Profesor/a Contratado/a Doutor/a	567	Presidente/a
Fernández Ferreiro, Manuel	Profesor/a Contratado/a Doutor/a	575	Secretario/a
Simal González, Begoña	Catedrático/a de Universidade	345	Vogal 1º
Estévez Saá, José Manuel	Profesor/a Titular de Universidade	345	Vogal 2º
Llanos Tojeiro, Ángela Joaquina	Profesor/a Titular de Escola Universitaria	345	Vogal 3º
Lourenzo Modia, Cilla	Profesor/a Contratado/a Doutor/a	370	Representante trab.

Código Seguro De Verificación	6wCyYeex6oF64mLUIfjAnQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	20/03/2024 13:57:00
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/6wCyYeex6oF64mLUIfjAnQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/6wCyYeex6oF64mLUIfjAnQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**Comisión suplente**

Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Alonso Giráldez, José Miguel	Profesor/a Titular de Universidade	345	Vogal 1º
Fraga Vaamonde, María Pilar	Profesor/a Titular de Escola Universitaria	345	Vogal 2º
Moss, Sarah Louise	Profesor/a Contratado/a Interino/a de Substitución	345	Vogal 3º

A Coruña, na data da sinatura electrónica  
Por delegación do reitor (R.R. 16/01/2024)  
A vicerreitora de Profesorado  
María Teresa López Fernández

<b>Código Seguro De Verificación</b>	6wCyYeex6oF64mLUIfjAnQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	20/03/2024 13:57:00
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/6wCyYeex6oF64mLUIfjAnQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/6wCyYeex6oF64mLUIfjAnQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

